

ONDE ESTÁ O MEU ZAPATO?

Texto e ilustracións de TOMI UNGERER

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartonné. 17,5 x 21,5 cm. 36 páx. 14 €.

Onde está o meu zapato? (galego)

ISBN 978-84-8464-871-0. Tras os montes.

¿Dónde está mi zapato? (castelán)

ISBN 978-84-92608-59-1. Libros para soñar.

Sabata on ets? (catalán)

ISBN 978-84-8464-872-7. Kalandraka.

Onde esta o meu sapato? (portugués)

ISBN 978-989-749-028-6. Livros para sonhar.

Un, dous tres,

perdín o zapato outra vez...

“Onde está o meu zapato?” publicouse por primeira vez en 1964 e 50 anos despois segue conservando a frescura e a orixinalidade do primeiro día. Nesta obra para pre-lectores e primeiros lectores, Tomi Ungerer utiliza o recurso da camuflaxe -que xa practicara en “Os tres bandidos” coa figura dos peculiares chapeus dos protagonistas- para propoñerlles un sinxelo xogo visual: indagar nas formas, escudriñar nos detalles e nos escenarios que rodean os personaxes, para atopar o obxecto perdido.

Basta o título do libro para deixar o interrogante aberto en cada páxina: unha incitación á busca, á curiosidade e ao desenvolvemento da agudeza visual, a través de ilustracións recoñecibles e dunha paleta básica de cores.



■ **Temática:** localización dun obxecto perdido, oculto na ilustración.

■ **Idade recomendada:** pre-lectores, primeiros lectores.

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil e xuvenil contemporánea; xogo de agudeza visual; do autor e ilustrador de “Os tres bandidos”, “Críctor” e “Adelaida” (Kalandraka).

Tomi Ungerer

(Estrasburgo, 1931)

Dous feitos marcaron a súa nenez: a morte do seu pai cando el tiña catro anos, e a ocupación nazi en Alsacia durante a II Guerra Mundial, que lle obrigou a estudar en alemán. As súas primeiras ilustracións, cheas de frescura, eran de ambiente bélico, cun fondo rexeitamento á guerra e ao fascismo. En 1956 emigrou a Nova York, onde comezou a escribir libros infantís. Con *Los Melops se lanzan a volar* (1957) iniciou unha exitosa traxectoria publicando debuxos e viñetas en medios como *The New Yorker*, *Esquire*, *Life Show* ou *Fortune*. Xa no cumio da súa carreira, Tomi Ungerer reaccionou contra a hipocresía y a superficialidade da sociedade americana con títulos como *The Party* (1966), *Fornicon* (1970) e *America* (1974). Mudouse a unha granxa en Canadá e a finais dos 70 trasladouse coa súa familia a Irlanda, onde reside actualmente, volcado en diversas causas humanitarias. A súa produción, que abarca 40 anos de creación, calcúlase entre 30.000 e 40.000 debuxos de diversos estilos e máis de 120 libros. Pola súa obra recibiu a Medalla de Ouro da Sociedade de Ilustradores e o Premio Hans Christian Andersen en 1998, entre outros recoñecementos. Na Villa Greiner, en Estrasburgo, atópase o Museo Tomi Ungerer, onde posúen un importante fondo gráfico, legado polo autor. <http://www.tomiungerer.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com